

Poema de Noriega Varela para Xulia Minguillón

Noriega Varela escribe para Xulia o poema “A espiña d’o verde toxo”, publicado na edición do ano 1946 do poemario *D’o Ermo*



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pra Julia Minguillón de Leal Insua
espiritualísima pintora gallega

(Navideña)

Nos petruciales escanos
Folguémonos tras d'ó lume,
que ô cabo de centos d'anos
¡n'hay outra festa, paisanos,
De máis suave perfume!

A incredulidade hostil
Tapa a cara c'ó mandil,
E d'os montañeses lares
Fuxe, porque son altares
d'ó meu Neniño Xentil

donde o lobo ronda a ovella
fan as tradicións borralla
c'os marcuriáos, co-a nocella,
¡c'ó demo, que se enguerélla
no probe leito de palla!

Donde o lobo ten o tobo
-pintasilguiño no ovo-
Vai drento d'os corazóns
O Mayor Fillo de Dios,
O Máis Humilde d'ó pobo.

Sin quitá- las maus d'ó eixado,
aínda sin haber leido,
comprenden ô Ben-Amado
¡os que máis teñen chorado!
Os que máis teñen sufrido...

Millor o entenden, quizais,
que os que coidan saber máis
e se precian de doutores
os brañegos cavadores
y-os rapaciños y-as nais...

Bon Xesús é O SALVADOR
D´O MUNDO, ¡e ninguén mellor
qu´eles sabe traducir!,
feridos por desamor,
conformes c´o seu vivir...

Pónlles o significado,
escrito con sangue roxo;
no peito esbragoletado
a espiña d´o verde toxo
que apañan pra estrar o gado!